



# CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

---

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50

Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

## VIII CONCURSO : “LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO”

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión dos premios do IV Concurso de relatos curtos e carteis gráficos “Loita contra a violencia de Xénero”, organizado polo Concello de Negreira a través do Centro de Información á Muller (CIM) co fin de sensibilizar á poboación sobor desta lacra social.

### BASES DE PARTICIPACIÓN:

**1ª.** Poderán participar tódalas persoas **menores de 18 anos**.

**2ª.** Os traballos presentados deberán ser **entregados no Centro de Información á Muller** no Concello de Negreira, nun sobre pechado. Deberá constar un número de teléfono de contacto e en ningún caso deberá aparecer o nome da persoa participante. A identificación da persoa levarase a cabo mediante o uso dun **pseudónimo**.

**3ª.** O concurso constará de dúas modalidades: **relato curto e cartel gráfico**. A temática a que deben axustarse os traballos é a Loita contra a Violencia de Xénero en tódalas súas manifestacións: física, psicolóxica, sexual, económica, estrutural... así como os efectos e consecuencias da mesma en tódalas persoas que a sofren.

**4ª.** Os traballos presentaranse en **galego ou castelán**. No caso dos relatos terán como extensión **máxima 5 folios (DIN-A4)**.

**5ª.** Tódolos traballos que se presenten deberán ser **orixinais**, inéditos e non presentados en anteriores concursos neste ou noutro concello. De non ser así, quedarán inmediatamente excluídos do concurso.

**6ª.** Os **criterios de valoración** para elixir ós traballos premiados serán os seguintes: contido e tratamento do tema, orixinalidade, expresión e presentación en xeral.

**7ª.** O prazo para a presentación dos traballos é do **22 de outubro ó 22 de novembro**.

**8ª.** Os traballos orixinais quedarán en poder do CIM de Negreira que se reserva o dereito para a súa publicación, exposición, doazón ou calquera outro uso posterior, sempre sen ánimo de lucro.



# CONCELLO DE NEGREIRA (A CORUÑA)

---

Rua do Carmen, nº 3 – 15830 Negreira (A Coruña) .- CIF. P1505700-C.-Telf.,981.88 52 50

Fax., 981.88 53 28 <http://www.concellodenegreira.org> - e-mail: concello@concellodenegreira.es

**9ª.**Entre tódolos traballos recibidos un xurado independente seleccionará os gañadores de cada modalidade e concederá os seguintes agasallos :

**-Premio ó mellor relato curto: vale regalo por importe de 100 Euros a utilizar nunha tenda da vila.**

**-Premio ó mellor cartel gráfico: vale regalo por importe de 100 Euros a utilizar nunha tenda da vila.**

**10ª.** A entrega de premios levarase a cabo o vindeiro **24 de Novembro** ao remate da andaina: **“Negreira camiña contra a Violencia de Xénero”**. A organización contactará previamente cos premiados por teléfono para que asistan ó acto de entrega a recoller o seu agasallo en persoa. De non poder facelo, designará previamente a un sustituto que o fará no seu nome.

**11ª.**Os traballos gañadores poderán divulgarse a través dos **medios de comunicación locais**.

**12ª.**As persoas participantes serán as únicas responsables do contido respetando as esixencias legais de dereitos, de autoría ou plaxio, segundo as leis vixentes.

**13ª.**Tódolos participantes están obrigados a cumprir estas bases. Calquera outra circunstancia non prevista nas mesmas, será resolta polo xurado e as súas decisións serán inapelables.